



**CIRCULAR INFORMATIVA  
USO DO COMEDOR ESCOLAR - CURSO 2023/2024**

Estimados pais e nais:

A normativa que regula o funcionamento do comedor escolar está recollida no **decreto 132/2013 do 1 de agosto e na instrución 3/2023** da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. Esta normativa recolle os prezos e o procedemento para ser usuario deste servizo.

Por este motivo, todos os que solicitades o uso do comedor para o curso 2023/24, debedes de entregar no centro, a AUTODECLARACIÓN que acompaña a esta circular **debidamente cuberta e asinada** ou as acreditacións do que se alegue **antes do 14 de xullo de 2023**.

Informamos a continuación do máis relevante e do documento a entregar cuberto no centro.

O director

**PREZOS PÚBLICOS POLO USO DO COMEDOR  
para todo o alumnado actual do centro**

► Pagará **0 €** o alumnado que se atope nalgunha das seguintes situacións:

A pagar por día	Condicións	Documentación a aportar
0 €	■ Alumnado en situación socioeconómica de exclusión social.	Certificado dos servizos sociais.
	■ Alumnado en situación de acollemento residencial ou familiar.	Documento que o acredite.
	■ Alumnado cun grado de discapacidade igual ou superior ao 33%	Certificado de discapacidade.
	■ Alumnado de unidades familiares vítimas de terrorismo ou violencia de xénero.	Documento que o acredite.

► O resto do alumnado terá que abonar as cantidades reflectidas na seguinte táboa, de acordo coa **renda anual per cápita neta do 2022**:

A pagar por día	Condicións	Documentación a aportar
0 €	■ Unidade familiar cunha renda per cápita inferior a 7.000€	Autodeclaración
1 €	■ Unidade familiar cun único menor que curse ensinanza básica obrigatoria e/ou 2º ciclo de Ed. Infantil e renda anual neta per cápita de 7000,01€ a 8.000€. ■ Unidade familiar con 2 menores en ensinanza básica obrigatoria e/ou 2º ciclo de Ed. Infantil e renda anual neta per cápita de 7000,01€ a 8.000€. ■ Unidade familiar con 3 ou máis menores en ensinanza básica obrigatoria e/ou 2º ciclo de Ed. Infantil e renda anual neta igual ou superior a 7000,01€.	Autodeclaración
2,50 €	■ Unidade familiar cun único menor en ensinanza básica obrigatoria e/ou 2º ciclo de educación infantil e renda anual neta per cápita de 8000,01€ a 9.000€. ■ Unidade familiar con 2 menores en ensinanza básica obrigatoria e/ou 2º ciclo de educación infantil e renda anual neta per cápita de 8000,01€ a 9.000€.	Autodeclaración
4,50 €	■ Unidade familiar cun único menor en ensinanza básica obrigatoria e/ou 2º ciclo de Ed. Infantil e renda anual neta per cápita igual ou superior a 9.000,01€. ■ Unidade familiar con 2 menores en ensinanza básica obrigatoria e/ou 2º ciclo de Ed. Infantil e renda anual neta per cápita igual ou superior a 9.000,01€.	Autodeclaración

\* O **alumnado procedente de fóra da área de influencia do centro** que teña a autorización excepcional do uso do servizo de comedor **deberá abonar o importe de 4,50 € por día**.

\* O alumnado que durante o curso 2022/2023 non pertencía á área de influencia e estaba a pagar os 4,50€ polo servizo de comedor escolar, a partir do curso 2023/24 consolida este servizo, polo que deberá entregar a autodeclaración debidamente cuberta e asinada.

### CÁLCULO DA RENDA NETA PER CÁPITA

Para calcular a renda neta per cápita hai que realizar as seguintes operacións coa declaración do **IRPF do exercicio 2022**: (sumar as rendas obtidas por **todas as persoas** da unidade familiar e dividir entre o número de membros)

$$\text{casiña 435} + \text{casiña 460} - \text{casiña 595}$$

Se algún dos membros percibe rendas pero non ten a obriga de presentar a declaración, deberá calcular os seus datos fiscais do seguinte xeito: sumar os importes das casiñas correspondentes a **retribucións dinerarias e intereses** e restarlle os importes das casiñas correspondentes a **cotizacións seguridade social, retencións procedentes do traballo e retencións procedentes do capital mobiliario**.

Dita renda pódese calcular coa calculadora que incorporou a Consellería de Educación na súa páxina web: <https://www.edu.xunta.es/comedores/calculadora.jsp>

**O resultado obtido dividirase polo número de membros que forman parte da unidade familiar.**

### CONCEPTO DE UNIDADE FAMILIAR

O concepto de unidade familiar será o definido na normativa do imposto da renda das persoas físicas. O número de membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente **o día 31 de decembro de 2022**. Polo tanto, se un fillo cumpriu 18 anos ou unha persoa faleceu durante o ano, xa non formará parte da unidade familiar.

A unidade familiar está integrada polos cónxuxes non separados legalmente, os fillos menores de idade e os maiores incapacitados xudicialmente.

En ausencia de matrimonio ou nos casos de separación legal a unidade familiar estará integrada polo pai ou nai e a totalidade dos/as fillos/as que convivan co pai ou nai e reúnan os requisitos anteriores. Ninguén pode formar parte de dúas unidades familiares ao mesmo tempo.

Nas parellas de feito ou en casos de separación ou divorcio con garda e custodia compartida, só un dos seus membros (pai ou nai) poden formar unidade familiar cos fillos que reúnan os requisitos anteriores.

### AUTODECLARACIÓN

Unha vez efectuado o cálculo hai que cubrir a autodeclaración que se xunta a esta circular e entregala, debidamente asinada, **na administración do centro antes do 14 de xullo de 2023**.

### FORMA DE PAGO

O pagamento poderá facerse a través de:

- Un ingreso no banco
- A través do Espazo Abalar.
- Pago telemático na oficina virtual tributaria da axencia tributaria galega <http://ovt.atriga.gal>, no apartado de CIDADÁNS; PAGO DE TAXAS E PREZOS.



## ANEXO II MODELO DE AUTODECLARACIÓN E ESPECIFICACIÓNS

NOME DO/A ALUMNO/A: .....

CURSO 2023/24: .....

NOME DO CENTRO EDUCATIVO: **CPI ALCALDE XOSÉ PICHEL**

**A) RENDA NETA IRPF 2022 = X**

**casiaña 435 + casiaña 460 – casiaña 595**

**B) MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR INCLUIDOS OS/AS ALUMNOS/AS PARA OS CALES SE SOLICITA COMEDOR = Y**

PARENTESCO	DNI	APELIDOS	NOME	DATA NACEMENTO
DECLARANTE				
CÓNXUXE				
FILLO/A				
FILLO/A				
FILLO/A				
FILLO/A				
FILLO/A				

**C) A RENDA NETA PER CÁPITA FAMILIAR = X/Y**

**D) AUTODECLARACIÓN.** Das catro situacións que aparecen a continuación marque a casiaña que corresponda coa súa renda per cápita familiar:

- **Aboamento de 0 € por día de servizo**

Se a súa unidade familiar e a renda obtida no apartado C) se atopa nalgún dos supostos previstos a continuación

Unidades familiares cun único menor en idade escolar	Renda anual neta per cápita menor o igual a 7.000,0 €
Unidades familiares con dous menores en idade escolar	Renda anual neta per cápita menor o igual a 7.000,0 €
Unidades familiares con tres ou máis menores en idade escolar	Renda anual neta per cápita menor o igual a 7.000,0 €

**Aboamento de 1 € por día de servizo**

•  
Se a súa unidade familiar e a renda obtida no apartado C) se atopa nalgún dos supostos previstos a continuación

Unidades familiares cun único menor en idade escolar	Renda anual neta per cápita de 7.000,01 a 8.000,00 €
Unidades familiares con dous menores en idade escolar	Renda anual neta per cápita de 7.000,01 a 8.000,00 €
Unidades familiares con tres ou máis menores en idade escolar	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 7.000,01 €

• **Aboamento de 2,50 € por día de servizo**

Se a súa unidade familiar e a renda obtida no apartado C) se atopa nalgún dos supostos previstos a continuación

Unidades familiares cun único menor en idade escolar	Renda anual neta per cápita de 8.000,01 a 9.000,00 €
Unidades familiares con dous menores en idade escolar	Renda anual neta per cápita de 8.000,01 a 9.000,00 €

• **Aboamento de 4,50 € por día de servizo**

Se a súa unidade familiar e a renda obtida no apartado C) se atopa nalgún dos supostos previstos a continuación

Unidades familiares cun único menor en idade escolar	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 9.000,01 €
Unidades familiares con dous menores en idade escolar	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 9.000,01 €

Declaramos baixo xuramento ser certos os datos consignados e autorizamos á consellería a consultar os datos de carácter persoal, de residencia e de renda que se precisen, a través da Plataforma de Intermediación de Datos e da Axencia Estatal de Administración Tributaria da Administración Xeral do Estado.

Coristanco, .... de ..... de 2023

Sinatura do Declarante:

Sinatura do Cónxuxe:

Sinatura dos fillos maiores de idade:



A renda neta per cápita familiar obterase como resultado de realizar os seguintes cálculos en base á declaración da renda do exercicio 2022:

1. Sumarase a base impositiva xeral coa base impositiva do aforro.
2. Deste resultado restarase a cota líquida resultante da autoliquidación.

Segundo isto, a renda familiar para os efectos da autodeclaración é o resultado da facer as seguintes operacións coa declaración do IRPF:

casilla 435 + casilla 460 – casilla 595

O resultado obtido dividirase polo número de membros que forman parte da unidade familiar.

O concepto de unidade familiar será o definido na normativa do IRPF.

#### Aclaracións para determinar correctamente a renda anual familiar

Para determinar a renda anual familiar hai que sumar as rendas obtidas por todas as persoas que integran a unidade familiar. Nesta operación poden presentarse varias situacións:

- Unidades familiares nas que ambos cónxuxes, ou calquera outro integrante dela, perciben rendas e teñen a obriga de presentar a declaración anual do IRPF. Neste caso, o importe da renda familiar resultará das sumas e restas das casañas indicadas, que se obterán de cada declaración, se foron presentadas individualmente -que é o habitual- ou ben, da declaración conxunta.

- Unidades familiares nas que ambos cónxuxes perciben rendas pero só un deles ten a obriga de presentar a declaración. Neste caso, a obtención do importe da renda familiar resultará das sumas e restas das casañas indicadas, para o membro da unidade que presentase declaración do IRPF máis o importe que resulte para o outro integrante da unidade familiar que non presentou declaración do IRPF, segundo os seus datos fiscais que deberá para realizar o cálculo dos seus ingresos, sumar os importes das casañas correspondentes a (retribucións dinerarias) e (intereses) e restar os importes das casañas correspondentes a (cotizacións seguridade social), (retencións procedentes do traballo) e (retencións procedentes do capital mobiliario) tal e como recolle o artigo 16.2.terceiro do Decreto 132/2013, do 1 de agosto.





- Cando ambos cónxuxes perciban rendas pero non teñan a obriga de presentar declaración da renda ou ben cando o cónxuxe ou os cónxuxes non perciban renda ningunha suxeita a tributación do IRPF. Nestes supostos, os interesados deberán consignar os seus datos fiscais do mesmo xeito que no especificado no apartado anterior para os membros que non presentase declaración do IRPF.

